



Coñecéndonos
Descubríndonos

Coñecer para valorar, descubrir para coñecer... descubriremos a nosa cidade, o seu contorno e todo o que nos ofrece: a ría, o territorio, o patrimonio, a toponimia...

O territorio de Vigo móstrárasenos coma un gran teatro que mira ao solpor, onde a ría forma un espazo ben definido. Territorio e ría ofrécennos montes de nomes de lugares a través dos cales podemos ir descubrindo e coñecendo sobre quen fomos e somos e sobre como se foi configurando a nosa cidade. Asemade, o un e a outra atesouran un rico patrimonio que tamén se nos mostra como peza clave para irmonos descubrindo.

"Meu, coñecéndonos, descubríndonos" é un programa ambicioso en accións e intencións que, dende a concellaría de Normalización Lingüística, Cultura e Verbum, Patrimonio Histórico, Tenencia de Alcaldía e Xuventude realizamos, coa finalidade de coñecer Vigo e a súa contorna a través do seu patrimonio, toponimia e do seu medio; aprender a historia da lingua e ampliar o coñecemento da lingua a través da toponimia e sensibilizar, valorar, recuperar, transmitir o noso patrimonio e a nosa lingua.

Estas, que vos presentamos, son as acción que se van desenvolver ao longo deste ano, en distintos momentos, mais é a nosa intención proseguirmos con novas actividades. Por iso queremos que nos acheguedes valoracións e suxestións para entre todas e todos nós irmos coñecendo e descubrindo, ese Meu que se fai noso.

Máis información e suxestións en <http://snl.vigo.org> ou www.xuventudevigo.org

Proxecto desenvolvido polas áreas de Cultura, Xuventude, Patrimonio Histórico, Normalización Lingüística e Verbum



Colabora: Universidade de Vigo

Destinatario: poboación xeral:

-Coñecérmonos

Charlas, mesas redondas e visitas aos montes veciñais e lugares de interese do noso patrimonio para coñecer o patrimonio que agocha cada lugar, topónimos que cómpre recuperar, coñecer e divulgar.

-Cursos da auga, do patrimonio industrial e dos cultivos

Tomando como fío condutor un elemento sobranceiro da nosa xeografía, industria, etnografía... ofertar un outro xeito de achegarse á lingua acompañado de visitas, obradoiros...

-Programa en Localía TV sobre toponimia

40 miniprogramas a través dos cales iremos descubrindo o porque dos nomes dos lugares (procedencia, significado, momento histórico...

-Toponimia por parroquias

Continuando coa colección sobre a microtoponimia das parroquias, iniciada xunto coa Universidade coa publicación do volume e mapa de Coia, temos para xa o volume sobre Lavadores, Teis para seguir posteriormente coa de Castrelos.

Destinatarios: mocidade:

-A descuberta, campamento de verán

A través de actividades lúdicas, visitas a lugares de interese, obradoiros..., achegámoslles, a modo de expedición os tesouros que Vigo posúe, cos que nos topamos decotío pero que descoñecemos.

-Roteiros polo Vigo arqueolóxico.

Actividade guiada e gratuíta dende a Concellería de Xuventude.

-Xogo didáctico na rede

A máquina do tempo levará os/as participantes por distintos escenario de Vigo, nos que lles presentarán probas, preguntas, adiviñas que resolver para seguir avanzando no xogo.

Destinatarios: poboación infantil

-Os Bolechas queren saber... sobre toponimia e a historia de Vigo

Buscando espertar a curiosidade e o significado dos topónimos, asemade, a lingua e sobre a historia de Vigo.

-Quebracabezas das parroquias e da historia de Vigo

Coñecer os lugares de Vigo e a nosa contorna e o patrimonio que cada parroquia posúe, ademais da historia da nosa cidade.

Destinatarios: poboación escolar

-Unidades didácticas

O obxectivo é coñecer e reafirmar a lingua a través da toponimia e asemade coñecer a nosa historia e a da lingua, ao tempo que nos chegamos ao hábitat, fauna, flora, orografía...